

A MOCIDADE ACTÚA CON CUIDADOS

PROPOSTA PARA FOMENTAR A PARTICIPACIÓN SOCIAL DA MOCIDADE



- Edita: InteRed.
- Coordinación: Raquel Tanarro.
- Deseño e edición: Freepress S. Coop. Mad.
- Impresión: Iarriccio Artes Gráficas S.L.
- Data: mayo de 2017.

Non se pode modificar, transformar ou crear unha obra derivada a partires desta.



ALGUNOS DERECHOS RESERVADOS

(<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/3.0/es/>)

A edición desta publicación foi realizada co apoio económico da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID). O contido desta publicación é responsabilidade exclusiva de InteRed e non reflicte necesariamente a opinión da AECID.



LIMIAR

InteRed fomenta o dereito á educación para unha cidadanía global e transformadora, mais tamén como medio para construír suxeitos e sociedades máis xustas onde a exclusión e as desigualdades, sexan do tipo que for, se reduzan ou mesmo desaparezan.

“Actúa con coidados”¹ é a campaña iniciada por **InteRed** hai xa catro anos para concienciar sobre a importancia de sermos as persoas, e non os cartos e o mercado, o centro do sistema actual. Poñer a vida no centro permítenos ollar a realidade tendo en conta o coidado no fogar, o coidado do planeta onde vivimos e o noso propio coidado. Chamámoslle coidados a todas as actividades (comida, saúde, atención sanitario, coidado de crianzas, dun amigo, do ambiente) que cómpre realizar a fin de acadar, reparar e mantermos co obxecto de vivirmos neste mundo o mellor posíbel. As tarefas de coidados son imprescindíbeis para conservar a vida e as sociedades. Porén, a súa organización social e a corresponsabilidade teñen unha distribución e impactos desiguais entre homes e mulleres.

A nosa campaña chegou a persoas e colectivos organizados, e convidamos a exercer o noso dereito de participación e acción cidadá en: centros de ensinanza, espazos de educación non formal, de lecer e tempo libre, en universidades e nos ámbitos das sociedade civil organizada.

Coa nosa **Revolución dos Coidados**² queremos construír unha axenda persoal, política e social que poña a sustentabilidade da vida no centro e visualice as nosas accións diarias de coidados, maiormente en mans das mulleres, a fin de darlle a volta ao sistema, transformándoo dende a raíz.

Con este obxectivo, a Axencia Española de Cooperación Internacional (AECID), na súa convocatoria de 2015, cofinanciou o proxecto “**Proposta de participación cidadá**”

1. www.actuaconcoidados.org

2. <https://www.intered.org/sites/default/files/campana/para-ti-y-para-mi-web.pdf>

para a mocidade dende unha ética do coidado e corresponsabilidade” presentado por InteRed. O proxecto buscou fomentar procesos de participación cidadá na mocidade para actuar de maneira local e global dende unha ética de coidados e corresponsabilidade, fomentando a mobilización social e a súa difusión nas redes sociais, así como a formación de axentes multiplicadores procedentes do eido educativo (profesorado) e asociativo (educadores/as).

O presente documento recolle as experiencias de implantación da proposta didáctica “A mocidade actuando con coidados. Guía para a mobilización da mocidade” en cinco cidades españolas: Málaga, Zaragoza, Burgos, Salamanca e Valladolid.

O documento pretende extraer as aprendizaxes máis significativas do proceso de traballo con grupos de mozos e mozas de diferentes contextos, clases sociais, orixes e crenzas.

A INICIATIVA XORDE DESDE...

...a Visión da Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global (EPDCG) de IR:

Unha visión que considera a EPDCG como un proceso socio-educativo continuado que fomenta unha cidadanía global crítica, responsábel e comprometida, a nivel persoal e colectivo, coa transformación da realidade local e global para construír un mundo máis xusto, máis equitativo e máis respectuoso coa diversidade e co medio ambiente, no que todas as persoas poidamos desenvolvernos de xeito libre e satisfactorio.

...la proposta de participación que promove IR:

Unha proposta de acción crítica, cuxo obxectivo é fomentar a capacidade da cidadanía para unha participación crítica e creativa na sociedade, como cidadanía activa e eticamente responsábel; a capacidade de comprometerse en accións concretas con motivación e optimismo; a capacidade de protexer e mellorar o patrimonio social, cultural e natural da humanidade.

...a convicción da mobilización social como ferramenta de cambio:

Unha convicción que se basea na idea de que calquera persoa que se sensibilizou sobre un aspecto da realidade, se formou e investigou para entendela, responde cunhas novas actitudes e novos comportamentos. E estas novas actitudes e comportamentos poden chegar a cuestionar un sistema baseado na democracia representativa, para a que o eixo da participación cidadá se basea no voto individual exercido periodicamente. Pola contra, a mobilización social por medio da presenza de multitudes envolve unha participación constante e diaria.

...la idea de “apropiación” dos espazos públicos:

Os movementos e mobilización envolven o arranque de mecanismos de acción colectiva cuxo primeiro e elemental acto consiste en abrir a porta, saír á rúa e alí facer coalición para acadar unha determinada porción de espazo público co fin de facer o mesmo, no mesmo momento e cunha mesma vontade expresiva, convertendo a ocupación da rúa nun instrumento fundamental de presión política.

...o enfoque de xénero

O enfoque de xénero é aquel que ten en conta as diferenzas e desigualdades entre homes e mulleres existentes na realidade. É dicir, visualiza o modo en que o xénero pode afectar a vida e as oportunidades das persoas para resolver os seus problemas e dificultades. Dende a voz e a experiencia das mulleres, cuestionamos o modelo de desenvolvemento dominante e traballamos para fomentarmos a equidade, o empoderamento das mulleres e a corresponsabilidade nos traballos dos coidados. Propoñemos unha “ética do coidado”, que sitúe o coidado, entendido como un valor, en equivalencia coa xustiza, as responsabilidades e os dereitos.

...e o enfoque dos Dereitos Humanos:

O eixo é a persoa. Esta é concibida como a verdadeira titular, posuidora e promotora dos dereitos e protagonista no seu desenvolvemento persoal e

social. A persoa convértese en axente de cambio para mudar de maneira corresponsábel o seu contexto, tendo en conta as causas que provocan a vulneración dos dereitos das persoas e os colectivos.

POR QUE APOSTAMOS POLA MOCIDADE?

Segundo Bourdieu, a mocidade “non sería máis ca unha palabra”³, unha creación social para definirmos un período da idade e non un actor social en si mesmo. Porén, nestes últimos anos, a poboación xuvenil converteuse nun suxeito político clave na configuración de novas experiencias de economía social, en novos laboratorios de mobilización social e mesmo de articulación política (Movemento 15M, p.e.).

A participación social constitúe unha dimensión clave na inclusión da mocidade na sociedade, pois por medio dela expresan tanto as súas posibilidades como os seus desexos na construción dun futuro partillado. Se ben hoxe a xuventude desconfía moito das formas institucionalizadas de participación política, tamén amosa unha maior disposición a participaren en accións máis directamente relacionadas co tipo de problemas e aspiracións que teñen en tanto mocidade do século XXI.

InteRed considera que a mocidade é a principal protagonista na súa misión de transformación social, como axente clave na transformación social, de aí a importancia de que se comprometa coa realidade global, que viva en coherencia co respecto e a defensa dos dereitos humanos, que poña en causa os modelos de desenvolvemento inxustos, que fomente estilos de vida respectuosos co medio ambiente e coas persoas e que propoña procesos creativos para pensar outras maneiras de estar no mundo.

É por iso que apostamos polas iniciativas que axudan a crear procesos de **empoderamento xuvenil** orientados á sensibilización, formación e mobilización social. InteRed ten como obxectivo fundamental, na súa acción coa mocidade, fomentar a súa

3. Bourdieu, Pierre. (2002). A “mocidade” non é máis ca unha palabra. En Socioloxía e cultura (PP. 163-173). México: Grijalbo, Conaculta.



Alumnado de primeiro de bacharelato. Instituto Santa María la Nueva y San José Artesano. Burgos

motivación e compromiso para cos coidados, a equidade de xénero e a xustiza social. Propoñemos orientar o noso traballo no protagonismo dos grupos de mozos e mozas por medio do deseño das súas propias actividades de mobilización. E facémolo por medio da proposta “A Mocidade Actuando con Coidados”.

QUE É “A MOCIDADE ACTUANDO CON COIDADOS”?


“A Mocidade Actuando con Coidados”⁴ é unha metodoloxía que ten por finalidade favorecer un proceso de **empoderamento xuvenil** no que se creen alternativas de mudanza perante o que queremos transformar por inxusto e discriminatorio. E faino empregando metodoloxías educativas innovadoras, como a ludopedagogía, a

4. <http://redciudadaniaglobal.org/wp-content/uploads/2017/07/INTERED-ACTUA-CUIDADOS.pdf>

investigación-acción participativa, a aprendizaxe cooperativa, a aprendizaxe-servizo ou as metodoloxías lúdico-teatrais. É froito dun proceso de reflexión, acción, sistematización e posterior contraste e validación da metodoloxía implantada en Andalucía no ano 2012.

O obxectivo da proposta é favorecer unha experiencia vital transformadora (sensibilización-formación-concienciación-acción) a mozos e mozas organizadas en grupos de mobilización para que deseñen e poñan en práctica de maneira colectiva accións de mobilización e incidencia política para a reivindicación de mudanzas e melloras na vida dos seus centros educativos, barrios, cidades e outros ámbitos da súa realidade local dende unha perspectiva global. Presenta a mobilización social non como un resultado, mais como un camiño de crecemento na cidadanía. O grupo explora sobre si mesmo dende o plano individual e colectivo, desenvolve o sentido crítico e a reflexión, cuestionando a realidade dende a súa subxectividade e a análise do modelo social fornecido polo enfoque de xénero e coidados.

Deste xeito, a partires do recoñecemento das problemáticas que nos afectan a escala mundial e a toma de conciencia do papel protagonista da cidadanía como motor de cambio, comeza un proceso de empoderamento persoal e de equipa que permite de maneira progresiva explorar as capacidades e posibilidades individuais e grupais para o paso á acción, concretadas no deseño e arranque de iniciativas creativas que provoquen, amosen, reivindiquen ou inspiren mudanzas sociais no contexto máis próximo, as súas comunidades e/ou centros de ensinanza.



É para nós importante ofertar unhas noicións básicas das FASES deste proceso:

- 1 | AUTOCOÑECEMENTO E IDENTIDADE DE GRUPO.** Nesta primeira fase pasamos do individual ao colectivo, partindo das capacidades e habilidades individuais para construírmos o conxunto colectivo. Esta fase é o que, dentro das competencias da EpDCG, se chama “Aprender a ser nunha realidade complexa” e “Aprender a convivir nunha sociedade en conflito”. Nesta fase, o grupo explora quen é, que fai aquí, que une ás persoas que o conforman, recoñecéndose como grupo con capacidade de acción e mobilización. A clave nesta fase é recoñecer os recursos persoais/humanos das persoas do grupo, crear vínculos entre elas, crear unha identidade común e empezar a construír a estrutura organizativa de equipa.
- 2 | ANÁLISE DA REALIDADE.** Nesta fase, o grupo comeza a formarse co obxectivo de desenvolver unha análise crítica da realidade. Na EpDCG, esta fase está relacionada coa competencia “Aprender a coñecer”, na que o grupo toma conciencia dos problemas e conflitos partillados, contrastando de forma crítica as diversas fontes de coñecemento, a partires da relación, o traballo colaborativo e a exploración de camiños diferentes para abordar un mesmo problema. Aquí, a facilitadora ten como obxectivo conseguir que o grupo estructure a súa organización interna de debate e opinión, de reflexión e crítica e de construción común do pensamento colectivo.
- 3 | CONSTRUCCIÓN COLECTIVA.** Nesta fase, o grupo comeza a elaborar as súas accións dende a reflexión e o pensamento crítico recollido na fase anterior. Aquí, a facilitadora ofrece un espazo para que o grupo aprenda a definir os seus soños, con miras cara unha nova realidade e planificando actividades encamiñadas a acadar ese soño e esa nova realidade.
- 4 | ACCIÓNS E AVALIACIÓN.** O grupo prepárase para a acción e lévaa a cabo. Na EpDCG coincide co “Aprender a actuar”, na que avaliamos e analizamos desde as nosas accións e resultados como nos sentimos, que dificultades e capacidades achamos, que saíu ben e que poderíamos mellorar, que conseguimos, que aprendemos e que leccións podemos sacar para o futuro.



ONDE O PUXEMOS EN MARCHA?

A proposta de traballo realizouse nas cidades de Málaga, Salamanca, Valladolid, Zaragoza e Burgos, en espazos de educación formal e non formal. Tráballouse con **20 grupos** de mozos, mozas e mulleres, coa participación dunhas **500** persoas, a maioría mozas (o 61% mozas e o 39% mozos). A proposta tivo que adaptarse á realidade local e persoal de cada grupo, aínda que se mantivo a estrutura global da intervención. Por iso, na posterior descrición das actividades, verase que hai grupos nos que a intervención se estendeu máis no tempo e grupos nos que a proposta tivo que reducir a súa execución. Sexa como for, sempre se mantivo o proceso completo.

Do traballo realizado extraéronse aprendizaxes válidas e significativas de como a proposta serve para fomentar a participación

social entre a poboación máis nova, para iso seleccionamos **6 grupos de traballo** das cinco cidades, de diferentes realidades e contextos para poder exemplificar a versatilidade da proposta.



GRUPO 1: Denunciando o racismo e a xenofobia

Ónde?

No Instituto Santa María la Nueva e San José Artesano (Burgos).

Este proxecto educativo débese á fusión de dous centros: Santa María la Nueva e San José Artesano, fundados por Cáritas Diocesana e o Arzobispado de Burgos na década dos 60. Trátase dun centro concertado pola Xunta de Castela e León en todos os seus niveis: Educación Infantil, Primaria, Secundaria, Formación Profesional de Grao Medio e Superior e Bacharelato, na que a Institución Teresiana asume a dirección e a xestión pedagóxica.

Está situado no barrio de Gamonal, o barrio co maior número de habitantes da cidade de Burgos, onde reside maiormente poboación obreira. Este barrio era unha antiga vila ata o ano 1938 que, por mor do seu crecemento

demográfico derivado da migración de persoas que procedían do eido rural en busca de traballo nos polígonos industriais, fixo que se unise á cidade de Burgos.

Con quen?

Co alumnado de 4ªA da ESO, composto por 13 rapaces e 10 rapazas de idades entre os 15 e 16 anos.

Como?

Coiñecerse a un mesmo, por medio da reflexión propia e da retroalimentación do resto do grupo é o primeiro paso para, dende aí, comezar unha transformación persoal que derive nunha transformación social e global.

Por iso comezamos cunha primeira fase de sensibilización sobre a situación actual do mundo e das sociedades, construídas derredor e en función dos mercados, tornando invisíbel por completo a necesidade dunha natureza e dun medio ambiente que sexan sostíbeis e dunhas actividades de coidados, que son realmente as que sosteñen a vida.

Após unha análise da realidade e de identificar o potencial como grupo, tanto individual como colectivo, este viu a importancia de construír e mobilizarse por algunha problemática social que estimasen importante e incidir sobre ela, a fin de sensibilizar e visualizala no centro de ensinanza e na opinión pública. Neste caso fíxose un vídeo con fotografías denunciado o RACISMO.

Fortalezas


- A proposta adáptase a un espazo de ensinanza formal, e iso permite traballar todas as competencias que se determinan no currículo de ensinanza, propostas polo Ministerio de Educación.
- Vese claramente tamén como permite fomentar unha transformación persoal e colectiva. A mocidade convértese nun axente participativo e motivado, e a actividade de mobilización dálle un protagonismo no seu contexto co que se aumenta a autoestima e o desenvolvemento de habilidades e capacidades persoais.

Debilidades

- As dinámicas dos centros de ensinanza non sempre facilitan o proceso, xa que as sesións son moi curtas porque dependen do tempo establecido para unha clase de titoría.
- Os grupos son moi numerosos, e iso dificulta o traballo de darlle protagonismo e espazo a cada persoa.

Aprendizaxes

- Pódese pensar que cando se intervéñ nun grupo de educación formal xa existente, no que os seus participantes levan xuntas e xuntos dende hai anos, os alumnos xa se coñecen e son un grupo cohesionado, mais non sempre é así: a maioría das veces coñecemos ás persoas por etiquetas, por actitudes ou só polo seu nome. Reflexionar sobre quen somos de verdade, sobre as nosas capacidades e habilidades, así como as do resto de compañeiras e compañeiros, é o principio dun construír colectivo que crea novos lazos e identidade común.
- Deste empoderamento individual e colectivo pasamos de maneira natural á participación, sendo esta a construción de cidadanía, o fin último que persegue o currículo educativo e todo o traballo de competencias.
- O profesorado demanda máis formación sobre a metodoloxía co fin de incluíla de xeito permanente no Plan de Acción Tutorial de Secundaria.





GRUPO 2: Visualizando as violencias machistas

Onde?

No Colexio Picasso (Málaga).

É un centro de ensinanza de Secundaria, Bacharelato e Ciclo Formativo con case 40 anos de experiencia e unha importante traxectoria en igualdade de xénero e Educación Transformadora. Estas temáticas foron primadas no seu traballo durante estes últimos 5 anos, nos que InteRed acompañounos por medio da Campaña Actúa con Coidados e a Red Transforma. O Distrito Bailén, onde se sitúa este centro, é unha zona de alta densidade de poboación e escasos equipamentos e servizos, polo que este labor é especialmente necesario.

Con quen?

Co alumnado de 4ºA da ESO, composto por 6 rapaces e 10 rapazas de idades entre os 15 y 16 anos.

Como?

Este grupo foi un dos que mellor e máis traballou arredor da ludopedagogía, unha proposta metodolóxica que emprega o xogo para a toma de conciencia colectiva e o seu empoderamento a prol da transformación social. Deste xeito, dedicóuselle máis dunha sesión ao xogo, tratando de fomentar un ambiente distendido e relaxado. O libro editado por InteRed “Xogar e actuar”⁵ serviu de base para o proceso con dinámicas.

O grupo recibiu unha formación exhaustiva sobre formas de mobilización social existentes, xa que se evidenciou a falta de coñecementos sobre participación social. Durante o proceso de aprendizaxe identificáronse as estratexias coas que o grupo se identificaba máis e que mellor se adecuaban a tempos e recursos.

Nun momento do proceso, a falta de alumnado por mor dunha excursión, obrigou a traballar só con rapaces (5), o que leva a modificar a sesión e adaptala. Nesta sesión, os rapaces puideron profundar na temática da campaña e supuxo unha oportunidade para traballar só con eles sobre como constrúen, perciben e viven a súa masculinidade e a súa visión dos coidados, resaltando a responsabilidade colectiva e as competencias relacionais.

Cando se reiniciou o proceso con todo o grupo, destinouse tempo a coñecer as formas de reacción social perante situacións de violencia dentro da parella, entre parella de mulleres e dunha muller cara un home. Entón, o grupo decidiu enmarcar a súa acción de mobilización na denuncia da violencia contra as mulleres e a sensibilizar sobre a necesidade de que a cidadanía se responsabilice, coide e actúe perante situacións de violencia.

Fortalezas

- Cando o grupo goza dun alto nivel de confianza de maneira previa ós obradoiros, a aprofundamento nas temáticas que se tocan nos obradoiros aumenta notablemente. Introducir a ludopedagogía dende o principio tamén facilita esta confianza e traballo en equipa.
- Aínda que de maneira non planificada, poder traballar só con rapaces foi

5. <http://redciudadaniaglobal.org/wp-content/uploads/2017/04/intered-Jugar-y-Actuar.pdf>

unha oportunidade para que eles, polo xeral menos participativos, tamén puidesen expresarse con menos persoas escoitándoos. Ao seren os máis pasivos do grupo, tiñan outras dúbidas e estaban noutro momento do seu proceso de transformación social, e resultou interesante para eles. Tiveron a oportunidade de comezar a recoñecer os privilexios masculinos, ao que reaccionaron tomando conciencia con rapidez e empatía cara as rapazas.

- A metodoloxía, baseada na dramatización, ensaio e outras técnicas teatrais, funcionou moi ben dada a súa confianza e a súa destreza para a expresión verbal e non verbal. Porén, estas habilidades son significativamente máis fortes nas rapazas, e isto fai que participen máis.

Debilidades

- A pesares de tentar traballar con perspectiva de xénero para fomentar a participación dos rapaces, parece que eles non encontran o seu lugar xa que as rapazas asumiron o protagonismo do grupo. Algún vaise sumando grazas ao reforzo positivo que elas lles dan.
- Este protagonismo nas rapazas fomenta o seu empoderamento feminista, en especial a través da toma da palabra, do seu autocoñecemento e do aumento da súa autoestima, mais non sempre remata cunha especial consciencia dos seus dereitos como mulleres.
- O proceso de identificación dunha proposta mobilizadora é especialmente complexo para mozos e mozas con pouca experiencia en mobilizacións e accións sociais, e máis se se dispón de pouco tempo. É un momento no que o grupo tamén está en risco, xa que se enfrenta cunha nova situación e con medos e emocións. O tempo para xestionar isto, máis o que precisamos para crear unha mobilización, fai que a sesión requira polo menos 1 hora e media ou 2 horas.
- A sesión previa á acción precisa ultimar moitos recursos e, ao mesmo tempo, é imprescindible seguir apoiando os seus procesos persoais e conectándoos co grupal. É especialmente complexo por mor da falta de tempo.

Aprendizaxes

- A principal potencialidade da proposta radica en que a súa correcta aplicación permite que os temas a traballar sexan os propostos polo propio alumnado. Asemade, por ser unha aprendizaxe vivencial, a conexión cos temas adoita ser sincera e iso facilita a súa maior motivación. Para que isto sexa posíbel, é bo levar traballados posíbeis temas que van saír, como a atención, o fomento da paz cos traballos cooperativos, as actitudes de coidados perante a falta de tempo, a integración de todas as persoas, a diversidade, etc.
- A ludopedagogía é moi efectiva en procesos coma este, co que contamos con sesións limitadas e no que o grupo é novo e ten menos capacidade para o pensamento abstracto. A metodoloxía permite a aprendizaxe vivencial e motiva a todo o grupo. Tende a integrar cando hai divisións no grupo. Por exemplo, fomenta a cooperación e os liderados femininos en xogos de pelota, máis propios tradicionalmente dos rapaces.
- O traballo en grupo fomenta a autonomía na toma de decisións, mais tamén é verdade que as persoas que estiveron menos motivadas poden sentir máis resistencias a coller papeis protagonistas, tal como aconteceu. Porén, case todos e todas atoparon algunha tarefa na que se sentían mellor.
- Se ben é certo que este proceso axuda ós rapaces na súa consciencia de privilexios, e polo tanto na perspectiva de xénero, tamén o é que os rapaces precisan de procesos máis longos con espazos exclusivos para eles e referentes masculinos para que esa iniciativa á transformación sexa máis forte.



GRUPO 3: Sentíndose cidadanía

Onde?

Na Asociación Tas de Salamanca.

A Asociación Tas xorde como modelo de intervención e inserción laboral para o sector xuvenil. Tamén se ocupa de organizar programas de prevención como alternativa a un modelo de aprendizaxe na rúa de grupos de mozos e mozas con carencias sociais. As actividades que realizan son: Apoio educativo en primaria a menores entre 8 e 16 anos, centro de lecer para mozos e mozas, orientación laboral e itinerarios de inserción, campamentos de verán: Campamento urbano e acampadas, etc.

O grupo co que se traballou está nun pequeno barrio da periferia da cidade de Salamanca, chamado Puente Ladrillo. O barrio pasou de ser considerado un barrio marxinal do extrarradio de Salamanca a ser un barrio en continua expansión que tende cara unha progresiva normalización da súa poboación. Porén, na zona

máis antiga do barrio, onde están as vivendas sociais, aínda existen factores de marxinação e clara desvantaxe social que deben de ser atendidos e tratados dende diferentes ámbitos.

Con quen?

Cun grupo de poboación xitana, de entre 16 e 21 anos, cun nivel académico baixo, pois non teñen finalizada a educación secundaria obrigatoria (ESO) e baixo nivel económico, con grandes dificultades para cubriren as necesidades básicas. Os membros das súas familias, cos que conviven, están desempregados ou teñen traballos precarios, como a recollida de chatarra ou postos no mercado.

Algunhas e algún deles xa son pais e nais con 17 anos, outros están casados con 17 e 18 anos.

Non reciben ningunha prestación social nin acoden a ningún tipo de formación que ofrece o sistema escolar formal e non formal. A súa principal preocupación é atopar emprego. Teñen baixa autoestima, xa que teñen a idea preconcebida de que non poden ter os mesmos dereitos cas persoas que non son xitanas.

Expresan un gran rexeitamento a participar en obradoiros ou clases que lles lembren ao instituto, xa que o seu paso pola educación formal non foi satisfactorio para eles e elas.

É un grupo moi patriarcal, xa que por mor da cultura e educación recibida están moi marcados polos roles de xénero. Isto está moi presente nas relacións entre rapaces e rapazas. Son moi relixiosos, católicos, e iso marca moito as súas actitudes, valores e normas non escritas que seguen como comunidade xitana.

Destacamos da súa cultura a capacidade de traballo en equipo, de unión e colaboración entre as diferentes persoas: como os coidados entre familiares, persoas maiores e infancia son a base dos seus principios e valores. Non tanto o coidado da saúde e o coidado ambiental.

Como?

Foi necesario pór énfase na creación dun ambiente de coñecemento e confianza no grupo antes de crear un debate sobre o contexto e a realidade na que vivimos.

Esa baixa autoestima que presentaban as persoas do grupo, xunto a esas relacións machistas e violentas fixonos entender que era preciso favorecer o autoconhecimento e recoñecer os recursos persoais/humanos das persoas do grupo, axudando á eliminación de prexuízos e estereotipos.

Aumentar a empatía, a escoita e o coidado de todas as persoas do grupo fomentou a participación e a construción social da identidade. Pouco a pouco subimos de chanzo, fomentamos o pensamento crítico e a busca de solucións colectivas para imaxinar unha nova realidade.

A actividade de mobilización céntrase en rachar cos estereotipos da cultura xitana: unha exposición de fotografías onde xitanas e xitanos aparecen realizando diferentes accións no seu barrio para demostrar que elas e eles tamén son parte desa transformación da realidade e da creación dunha nova cidadanía.

Fortalezas

- Entenden moi ben o traballo en equipa. Isto vai moi ligado á súa cultura, xa que dende moi pequenos e pequenas son educados no coidado da familia.
- Ser conscientes de que son persoas titulares de dereitos e titulares de deberes foi un gran descubrimento para o grupo. Sentir que pertencen a unha sociedade que non é só responsabilidade dos “outros (persoas non xitanas ás que denominan “payas e payos”), empezándose a sentir corresponsables.
- Houbo un gran traballo de transformación persoal, profundaron na implicación individual para resolver os problemas xerais, foron conscientes como os seus problemas persoais e familiares están intimamente ligados coa estrutura e problemática social.

Debilidades

- Teñen problemas co pensamento abstracto, polo que lles custa entender certos contidos, pensar e actuar de forma independente e crítica. A súa realidade limitase á familia e ó barrio. Cústalles entender un mundo e cidadanía global, así como a interdependencia.
- Sobre as súas relacións, destacan actitudes machistas con respecto ás rapazas que participan no grupo, criticando as opinións delas e a

súa forma de pensar, entendendo que as mulleres son menos competentes. As actitudes violentas tamén son palpábeis entre as e os participantes. Teñen xeneralizado ese xeito de falar, levantando a voz, xesticulando co corpo, etc. Todo isto fai que haxa que comezar cun traballo de habilidades persoais e cohesión grupal importante, eliminando estereotipos e prexuízos antes de conseguir outros obxectivos.

Aprendizaxes

- O uso de novas metodoloxías como as socio-afectivas e a xestión de conflitos axudaron a descubrir un novo camiño cara a conciencia do ser, convivir, coñecer e actuar na súa contorna local, unha contorna que eles sentían que non lles pertencía.
- O enfoque de xénero transformou a maneira que comprendían a realidade e como a participación de todas e todos fan a “construción de cidadanía”. Isto fixo aumentar a súa autoestima e capacidades persoais, mais sobre todo o empoderamento grupal.
- Quizais a maior aprendizaxe foi ver como esta metodoloxía fortalece o traballo doutros procesos (neste caso era a busca de emprego), como ese empoderamento individual, a participación e a mobilización desenvolve unhas capacidades indispensábeis para a vida e a construción dunha nova cidadanía.



GRUPO 4: Xogando mentres se cuida

Onde?

Na Asociación Socioeducativa Gusantina, que traballa no barrio da Magdalena de Zaragoza, a través do seu proxecto “Mimbres”. Este proxecto fomenta que mulleres novas do barrio poidan iniciar un proceso de crecemento persoal e profesional a través dun itinerario formativo que as achegue ao mercado laboral, exercendo de coidadoras de rapaces e rapazas e posibilitando que nais do barrio traballen con tranquilidade fóra do seu fogar sabendo que os seus fillos e fillas están coidados por mulleres nas que confían. É un proxecto construído dende a diversidade do barrio, que busca posibilitar a conciliación da vida familiar e laboral das familias inmigrantes e autóctonas establecendo unha rede de apoio comunitario. O proxecto leva xa sete anos en funcionamento, creando procesos formativos con mozos e mozas do barrio e conseguindo uns niveis de calidade no coidado das rapazas e rapaces.

Con quen?

Con 8 mulleres de entre 19 e 30 anos, tanto españolas de etnia xitana como de orixe marroquí que son coidadoras do proxecto Mimbres da asociación.

Como?

Durante os meses nos que se realizou a proposta, deuse un proceso de empoderamento xuvenil que facilitou o paso da reflexión individual á colectiva, partindo de capacidades e habilidades individuais. A través dos obradoiros, o grupo comezou a construír un discurso propio, desenvolvendo as súas habilidades para o debate no marco dunha análise crítica da realidade que as rodea, sempre dende o enfoque dos coidados.

As dinámicas propostas crearon profundas reflexións que permitiron unha análise na que se identificaron iniquidades de xénero e conciencia crítica sobre as relacións de poder presentes nas súas propias vidas. Partindo sempre da súa realidade próxima, puideron reflexionar sobre o sistema socioeconómico actual, inxusto a nivel global. A conciencia de dereitos levou ás mulleres a querer realidades novas e a crer na transformación social. Na última fase do proceso, e no marco do traballo sobre competencias cooperativas, as mulleres aprenderon a identificar e planificar accións de cambio social.

Como resultado do debate previo, no que relacionaron a desvalorización dos traballos de coidados coa vulneración dos dereitos da infancia e a desigualdade económica, puxeron en valor o proxecto no que traballan como elemento de resistencia perante estas realidades. Por iso decidiron que a súa acción de mobilización tiña que ir encamiñada a que máis xente coñecese o seu proxecto, e que a mellor forma de facelo era aproveitando as súas capacidades e coñecementos, as achegas que podían facer grazas ao traballo nunha asociación socioeducativa e coa infancia. Por iso, a súa forma de presentar o proxecto sería a través dun xogo. Após adicar unha sesión formativa a crear o xogo que as identificaría, presentárono na festa de fin de ano da Asociación Gusantina. Porén, non queren quedar aí, e pretenden empregar o xogo deseñado para presentar o seu proxecto en festas, actos ou con familias, ou perante outras asociacións da cidade de Zaragoza.

Fortalezas

- Por ser un grupo de mulleres que se adican profesionalmente ao coidado, cando a proposta se centrou na desvalorización dos traballos de coidados e das desigualdades de xénero que a fundamenta, desenvolveron propostas creativas e tomaron conciencia do valor do traballo que elas mesmas realizan. Na dinámica de “molécula dos problemas”, entre os sentimentos negativos que lles provocaba esta desvalorización, comentaban que tamén se senten loitadoras. Sen dúbida un fito interesante no seu propio proceso de empoderamento feminista!
- Fomenta o traballo en equipa, e de feito fomenta a inclusión das novas participantes no proxecto Mimbres, xa que o grupo de participantes veteranas que realizaron o proceso convidaron a participar nesta acción ás participantes que están comezando o seu proceso de formación. Deste xeito, as rapazas novas comprométese co proxecto e créase unha cohesión grupal. Convértense así en axentes multiplicadoras de cambio.

Debilidades

- O feito de que algunhas delas fosen persoas inmigrantes que non dominan a lingua castelá creaba certas situacións de descoordinación. Porén, houbo unha reacción de “coidado” entre elas cando outras compañeiras se converteron nas súas tradutoras e visualizaron o sentimento de pertenza ao grupo
- Por mor da dinámica do grupo e polo tempo adicado a saúdos e a partillar inquedanzas persoais, as actividades arrancaban con dificultade, restando tempos ao seu desenvolvemento axeitado, polo que varias dinámicas presentadas no comezo non se puideron levar a cabo. Porén, é un grupo moi cohesionado e o tema tócalles de preto polo que entran facilmente no debate e reflexión.
- Ao ser un grupo non mixto (exclusivo con mulleres), a reflexión sobre a consciencia de privilexios dos homes non se puido desenvolver xa que non procedía.

Aprendizaxes

- Partir dunha análise crítica da realidade e tomar conciencia das propias responsabilidades na perpetuación de determinadas inxustizas sociais é un

punto de partida para a transformación persoal e cara a mobilización e o empoderamento. E se, ademais, o contido de análise pode materializarse na propia experiencia, as aprendizaxes incrementan o impacto.

- Implantar a proposta en grupos cunhas dinámicas de equipa e confianza xa demostradas asegura un ambiente de acollida e confianza que facilita o proceso. O feito de levar tempo traballando e formándose xuntas favorece a apertura cara o cuestionamento persoal e colectivo.



GRUPO 5: Coidado do grupo

Onde?

Na sé de **InteRed Joven** na cidade de Málaga.

O Comité de InteRed de Málaga naceu en 1999 e realiza periodicamente formación ao voluntariado, accións nas rúa, incidencia política e traballo de sensibilización e mobilización social. Hai un grupo permanente de persoas voluntarias con perfíles moi diversos e diferentes niveis de compromiso que asumen responsabilidades nas accións que se realizan na provincia.

Con quen?

Co grupo de voluntariado do comité de Málaga de InteRed, formado por 10 persoas de entre 17 e 70 anos.

Como?

As persoas que formaban parte do grupo xa participaron en accións de InteRed no marco da campaña “Actúa con Coidados”, mais non do mesmo xeito nin coa mesma responsabilidade. Así se comezou a dar a coñecer a campaña, a ONG ,e conectando a teoría coas súas propias experiencias e coñecementos sobre coidados e mobilización social. Amosóuselles a desigualdade social nos coidados, representado polo iceberg e viron o vídeo da campaña. A partires de aí comezou un debate sobre desigualdade de xénero nos coidados.

A través do xogo, púxose de manifesto a importancia da cooperación e da igualdade para acadar un proceso coidados e uns resultados ben sucedidos en calquera iniciativa.

Durante a fase de autoconhecimento iniciouse un traballo persoal consistente nunha análise das propias calidades. Para iso debuxaron a molécula persoal (dinámica descrita na proposta), para pasar á “supermolécula”, onde se uniron as calidades de todo o grupo e permitiu ver a potencialidade e as capacidades como grupo para realizar unha mobilización social. Deste xeito, víronse as preocupacións do grupo pola sociedade, os seus desexos de transformala e os diferentes momentos nos que acontece.

Adicouse unha sesión á elección e preparación da mobilización social. O grupo decidiu primar a sensibilización sobre a crise de coidados ao resto das persoas que forman parte do voluntariado da delegación de Andalucía e quixo aproveitar o Encontro Andaluz de Voluntariado que se realiza dúas veces ao ano e no que participa o voluntariado dos comités de Xaén, Málaga, Córdoba, Sevilla e Granada. Para iso, deciden facer durante ese día tres actividades: Lectura conxunta dun

poema, baile e lectura dun conto coas que o grupo quixo transmitir a súa idea sobre os coidados no resto do voluntariado.

Fortalezas

- O grupo está formado por persoas que tamén participan en actividades de ocio paralelas, externas ao seu compromiso coa organización, o que enriquece as reflexións do grupo e favorece o diálogo colectivo.
- Após aprender que é a perspectiva de coidados, a fase de autoconhecimento serviu para que as rapazas aprendesen a redefinirse dende o empoderamento feminista, o que fixo que lle puxesen límite á desproporcional portavocía masculina do grupo. Como se tratou durante a sesión provocou certas resistencias, xa que os rapaces participantes non eran conscientes desa conciencia de privilexios.
- Tamén coñecer as dificultades que tiveron as mulleres para o seu propio desenvolvemento e o exercicio dos seus dereitos permite esta conciencia.

Debilidades

- Ter só un rapaz no proceso dificulta que o grupo se enriqueza dende a mirada dos rapaces novos, aínda que o rapaz que asistiu si tomou conciencia e verbalizou a súa situación privilexiada como home.
- Porén, que as rapazas, que van tomando conciencia de xénero, sigan defendendo e realzando o papel deles como outras vítimas do patriarcado demostra que as aprendizaxes chegadas dunha educación patriarcal son difíciles de eliminar.

Aprendizaxes

- A autoanálise das propias vidas das persoas participantes, dende unha perspectiva de xénero e de coidados, facilita a transformación persoal.
- Traballar a desigualdade de xénero con homes debe facerse sempre deixando claro que eles, no sistema patriarcal, teñen privilexios, como a escoita, a capacidade de elección e a lexitimidade social, que non teñen as mulleres.



GRUPO 6: Integrando con abrazos

Onde?

Na sé da Red Íncola (Valladolid) situado no barrio La Rondilla, un dos barrios con máis poboación inmigrante (un 7,64 %) moi por riba da media da cidade.

Porén, a poboación que participou no proceso provén de diferentes barrios da cidade onde a brecha social aumentou nos últimos anos. Estes barrios están entre os 100 barrios máis pobres de España.

As diferenzas culturais nos padróns de comportamento provocan situacións de desconcerto e soidade. Os menores inmigrantes non se senten como os seus compañeiros españois, mais tampouco recoñecen en si mesmos a cultura do seu país de orixe. Entendemos que as medidas para fomentar a participación e promoción da igualdade de oportunidade entre os menores inmigrantes é un dos grades restos, e polo tanto son abordados neste proxecto.

Polo xeral son colectivos vulnerábeis aos que tomar conciencia e compromiso cos dereitos humanos, das mulleres, a xustiza social e a equidade de xénero sêrvelles para impulsar o seu proceso de empoderamento xuvenil.

Con quen?

Cos mozos e mozas inmigrantes de entre 13 e 18 anos participantes nun proxecto de apoio escolar que leva a cabo a Asociación Red Íncola de Valladolid.

O perfil da poboación destinataria do proxecto ten unha serie de factores e características máis complexas que marcan as intervencións que se realizan co grupo de mozos e mozas. Todas e todos son migrantes, polo que teñen distintos países de orixe; algunhas destas persoas xa levando vivindo en España uns 6 ou 7 anos e outras non máis de 5 meses.

Proceden de familias en situación de risco de exclusión, fogares con falta de recursos económicos, situacións de violencia, falta de formación, desemprego e problemas de saúde.

Se nos centramos no grupo de mozos, algúns e algunhas deles teñen problemas co idioma, problemas escolares que derivan en fracaso escolar e abandono temperán do sistema educativo, falta de recursos económicos prexudican a súa alimentación, a saúde, roupa e situación familiar.

As e os participantes coñecíanse, mais só se relacionaban por nacionalidades ou culturas. É difícil ver a unha persoa de Marrocos con alguén de Arxelia ou de República Dominicana con alguén de países árabes. As familias trasladaron eses prexuízos as e os menores.

Como?

Este programa pretendía ser o comezo da constitución dun grupo de ocio xuvenil que impulsara e dinamizara as súas propias actividades, participando en actividades propostas na cidade e con outro tipo de poboacións, que ocupen “a rúa”, é dicir, que se vexan con dereitos e responsabilidades entendendo que elas e eles son cidadanía con poder de decisión e de acción no seu contexto. Un grupo que camiñará só.

Como é un grupo sen constituír, comézase por favorecer o coñecemento das e dos participantes, creando un ambiente de confianza e distensión para espertar o interese a seguir participando. Unha vez creada a cohesión grupal, comézase creando un espazo de debate, analizando problemas sociais partindo das súas experiencias persoais, as migración, a xenofobia, a violencia entre iguais e os dereitos das mulleres son identificados como problemas individuais, sen seren conscientes da súa globalidade.

O itinerario realizado centrouse en ofertar alternativas para a mudanza imaxinando unha nova realidade, xunto cun traballo de autocoñecemento e a creación de vínculos entre as persoas.

Durante a actividade de mobilización traballouse a xenofobia a través de entrevistas de 1 minuto a persoas que ían pola rúa e finalizando cunha acción de “abrazos gratis” difundida a través dun cartaz na rúa.

Fortalezas

- Nun principio pensabamos que as diferenzas de xénero ían ser palpábeis nas súas relacións e os seus discursos, mais non foi así, as rapazas e os rapaces empregan conceptos como “dereitos”, “igualdade” e compórtanse entre elas e eles con total equidade e respecto. Cando identifican problemas sociais, senten que estes non impactan de igual maneira en homes e mulleres, e acontece o mesmo cando buscan solucións ou alternativas, que son diferentes as propostas por mulleres e homes.
- O uso do xogo e as dinámicas activas é a metodoloxía que máis lles motiva e incentiva a participar. É indispensábel rachar coas estruturas máis relacionadas coa educación formal, como fichas, sentar diante dunha mesa, etc.
- Houbo unha transformación persoal, falar das emocións, do que lles gusta, do que pensan e senten, en definitiva, axitar o interno e partillado co resto de persoas é algo que cambia a un, presenta dúbidas de como percibías o mundo e como o ves agora, logrou mudar actitudes e condutas.

Debilidades

- O tempo de cada obradoiro é escaso, a sesión faise curta e o grupo amósase cansado, xa que previamente foron ás clases de apoio escolar, mais estímase imposible que as familias permitan outro momento para acudir ó grupo.
- Avaliamos que a proposta debe de seguir desenvolvendo propostas de actividades onde se traballe a equidade de xénero de maneira máis explícita, que faciliten a aprofundamento en conceptos básicos de xénero e ferramentas de análise.

Aprendizaxes

- É indispensable traballar coas familias, xa que elas son as que lle dan o permiso para que as súas fillas e fillos participen neste proxecto e adoitan amosarse reticentes, crendo que por ser migrantes a xente non os vai tratar ben. Adoitan desconfiar de que se mesturen con rapaces e rapazas doutras culturas, por iso foi un acerto fomentar a relación coas súas titoras e titores legais.
- Traballar coa educadora na preparación de sesións foi o éxito do proxecto, xa que se apropiou da metodoloxía, marcando todas as súas accións e intervencións en base a ela.
- O traballo en competencias con este tipo de poboación é moi importante. Por exemplo, as competencias en comunicación lingüística. Partimos dunha premisa: son mozos de diferentes nacionalidades, ningunha e ningún deles naceu en España, polo que o idioma é unha dificultade, entenden bastante ben o castelán, mais expresalo pode presentar varias interpretacións polo que adicamos tempo ás habilidades precisas para a comunicación (escoita activa, atención) e aclarar conceptos, palabras e expresións para definir unha única interpretación tomando como referencia o contexto concreto. O respecto e o dereito á diversidade cultural e fomentar o diálogo entre culturas e, sobre todo, entre sociedades é unha competencia clave para crear cohesión grupal e respecto entre iguais.

Resumindo...

En todos os espazos


- É importante que as iniciativas de mobilización social sexan parte dun proceso participativo no que as persoas novas se impliquen de maneira consciente. Para iso é fundamental que na fase de análise e reflexión se traten temas que lles importan, que estean conectados coa súa realidade (local e global). Traballar cos e coas mozas partindo das súas propias inquedanzas, intereses ou preocupacións permite crear aprendizaxes significativas con maior capacidade transformadora.
- É imprescindible crear espazos onde as persoas participantes se sintan escoitadas de forma activa, acompañadas, crear lugares onde o afectivo estea presente, espazos onde o recoñecemento e a empatía sexan elementos que reforcen a autoestima do grupo contribuíndo a procesos de empoderamento individual e colectivo.
- A centralidade dos coidados na proposta metodolóxica debe de materializarse ao longo de todo o proceso, visualizando e valorizando as actividades de coidados precisas para soste o grupo e que fan posíbel a participación das persoas que o integran.
- Partir dunha análise crítica da realidade e tomar conciencia das propias responsabilidades na perpetuación de determinadas inxustizas sociais é un importante punto de partida para a transformación persoal.
- Traballar a desigualdade de xénero con homes novos pasa necesariamente por analizar criticamente o modelo de masculinidade hexemónica e a posición de privilexio que lles dá o sistema.

Nos espazos de educación formal

- Traballar a EPDCG nun contexto como sistema educativo formal, no que as persoas participantes levan traballando xuntas un espazo de tempo máis ou

menos longo pódenos facer crer que os grupos cos que o facemos son grupos homoxéneos, cohesionados e que teñen dinámicas de interacción xa consensuais, mais non sempre é así. A maioría das veces, os seus membros recoñécense a través de etiquetas, actitudes ou prexuízos. Reflexionar sobre quen somos de verdade, cal son as nosas capacidades e habilidades individuais, así como as do resto de compañeiros e compañeiras é o principio dun construír colectivo que crea **vínculos e unha identidade común**.

- Vimos como o uso do **xogo** e as dinámicas activas é unha das metodoloxías que máis motivo ós grupos. Rachar coas estruturas típicas da educación formal, como sentar diante dunha mesa, incentiva a participación. As metodoloxías, baseadas na dramatización, ensaio e outras técnicas teatrais, funcionaron moi ben con algúns grupos, fortalecendo súa confianza e a súa destreza para a expresión verbal e non verbal.
- A proposta adáptase perfectamente a un espazo de ensinanza formal e permite traballar todas as **competencias** que se determinan no currículo de ensinanza, propostas polo Ministerio de Educación.



Nos espazos de educación non formal

- A metodoloxía JAAC favorece o fortalecemento doutros procesos nos que se insire. Por exemplo, en procesos de busca de emprego ou apoio extraescolar, fortalecer o empoderamento individual, fomentar a participación e a mobilización social desenvolven unhas **capacidades** indispensábeis para afrontar a vida dende un enfoque **de dereitos** e cidadanía.
- A participación das familias nos procesos levados a cabo con grupos en risco de exclusións favorece a participación dos mesmos xa que estas se constitúen como axentes de cambio nos seus contextos máis próximos, os domésticos. Gañar a confianza das familias favorece o empoderamento, tanto colectivo como individual dos mozos e mozas e elimina os posíbeis medos que poidan impedir a súa plena participación social.



En **InteRed** traballamos para fomentar a gobernabilidade, a participación social e unha cidadanía crítica con perspectiva global. E para iso creamos iniciativas cuxo obxectivo é acompañar procesos de transformación persoal e social para unha cidadanía concienciada e comprometida cos dereitos humanos.

Cremos que traballar coa xuventude de hoxe, que terá nas súas mans as decisións que afectarán ao conxunto da sociedade nun futuro non moi afastado, favorecerá a creación dun modelo social e político respectuoso no que a cidadanía se comprometa coa realidade global, que viva en coherencia co respecto e a defensa dos dereitos humanos, cos dereitos das nenas e mulleres, que poña en tela de xuízo os modelos de desenvolvemento inxustos, que recoñeza e valorice os coidados, fomente estilos de vida respectuosos co medio ambiente e coas persoas e propoña procesos creativos para pensar outras maneiras de ser e estar no mundo.

En **InteRed** queremos fomentar unha actitude crítica e unha ollada solidaria ao mundo na xuventude.